

# UNHA RUTA POLO MUNDO QUE QUEREMOS

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL



VII EDICIÓN 2019-2020

[www.omundoquequeremos.org](http://www.omundoquequeremos.org)

# RUTA POLO MUNDO QUE QUEREMOS

2019-2020 VII EDICIÓN

## QUE É O MUNDO QUE QUEREMOS?

O Mundo que queremos é un proxecto de Educación para a Cidadanía Global que ten por obxectivo conseguir que o alumnado sexa consciente da interconexión que existe entre as realidades locais e as dinámicas globais para traballar a corresponsabilidade que todas e todos temos na construción da xustiza social. Este ambicioso obxectivo abordarase ao longo de todo o curso académico a través dun estudo diagnóstico, cinco intervencións na aula, un acto final e unha avaliación. Ademais, teremos un espazo web propio do proxecto con información e recursos ao servizo das persoas protagonistas do mesmo. Esta pequena guía pretende mostrar a ruta do proxecto, as metodoloxías que se van a empregar e o que necesitamos de todas e todos vos.

# COMEZAMOS!

# 1º PARADA

## ALTERNATIVAS PARA O MUNDO QUE QUEREMOS.

Na primeira parada de este proxecto achegarémonos aos centros educativos para explicarlles ao alumnado en que consiste o noso proxecto e que esperamos desta aventura.

A través dunha metodoloxía baseada na participación, na experimentación e na reflexión traballaremos conceptos claves do proxecto.

Dinámicas, como os xogos de rol, facilitarán ao alumnado o debate e a reflexión sobre temas como a desigualdade social, a pobreza, o desenvolvemento sostible, a corresponsabilidade, etc. Conceptos complexos, pero que a través de accións lúdicas son máis sinxelos de incorporar para o alumnado.

Falaremos da Axenda Internacional de loita contra a pobreza:

Axenda 2030; Os ODS, que serán o marco teórico do noso proxecto.

Unha vez que as mozas e mozos estean situados e situadas, elixiran, co apoio do profesorado un ODS sobre o que queiran traballar.



# 1º PARADA

## ALTERNATIVAS DO MUNDO QUE QUEREMOS.

Nesta sesión explicarás tamén o funcionamento do noso "Recuncho do Mundo que Queremos", un espazo físico ( panel, mural...) que se creará no centro/aula onde se darán avisos sobre o propio proxecto e se recollerá información sobre o ODS que traballedes e o país que nos visitará no mes de abril.

- **DATAS PREVISTAS:** DECEMBRO
- **Nº ALUMNADO :** GRUPO AULA
- **TEMPO:** 100 MIN
- **RESPONSABLES:** MARÍA CARIDE E NOA DEVESA DE SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA
- **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:** GUÍA DIDÁCTICA E CONCEPTOS CLAVE(ENVÍO ADXUNTO)

### NECESIDADES

A PRESENZA DO  
PROFESOR/A NA AULA  
PARA PRESENTAR AO  
EQUIPO.  
PROXECTOR, ORDENADOR E  
CONEXIÓN A INTERNET

# 2º PARADA

## A COMUNICACIÓN COMO FERRAMENTA DE CAMBIO SOCIAL

Na segunda parada terá lugar a primeira sesión dos obradoiros de radio e vídeo. Son parte central do proxecto porque buscan que os rapaces e as rapazas interioricen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a través de ferramentas de educomunicación.

Os obxectivos da 1º sesión destes obradoiros son:

- Coñecer mellor os medios de comunicación ( RADIO E AUDIOVISUAL) e xenar conciencia crítica ante eles
- Reflexionar en torno ao ODS escollido
- Facernos constructores e donos do noso propio discurso
- Fomentar a creatividade
- Organizarse para traballar en equipo

Nesta sesión abordaremos o ODS escollido para a aula e trazaremos un plan de acción para conseguir a información, os audios ou as imaxes necesarias para construír o noso produto de comunicación

- **DATAS PREVISTAS:** XANEIRO
- **Nº ALUMNADO :** GRUPO AULA ( MAX 27)
- **TEMPO:** 100 MIN
- **RESPONSABLES:** OSCAR VÁZQUEZ ( VIDEO) E ROCÍO CADAHÍA ( RADIO) DE AGARESO .
- **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:** DOSSIER DE RADIO E DOSSIER DE VIDEO (ENVÍO ADXUNTO)

### NECESIDADES

A PRESENZA DO PROFESOR/A NA AULA PARA PRESENTAR AO EQUIPO.  
PROXECTOR, ORDENADOR E CONEXIÓN A INTERNET

# 3º PARADA

## APRENDER FACENDO: CONTRUÍNDO DISCURSO

Esta terceira parada chegará dúas ou tres semanas despois da segunda, dependendo da dispoñibilidade dos centros educativos. Neste tempo os mozos e mozas, acompañados polo profesorado, investigarán e escribirán os seus guións radiofónicos ou audiovisuais.

Así o chegar a terceira sesión, poderemos gravar un produto final no que o alumnado constrúa un discurso dando a coñecer as súas ideas e propostas a través de audios ( programa de radio) ou videos ( curtometraxes) sobre as cuestións que investigaron e debateron.

A intención é poder saír nesta xornada cun produto pechado, pero se quedaran traballos por entregar, Rocío e Óscar estarán en contacto tanto co equipo promotor do alumnado como co profesorado responsables da aula para que poidan ser facilitados por correo electrónico.

Estes traballos serán subidos á web do proxecto e as nosas redes sociais. Pero tamén serán expostos na presentación final do proxecto para ser compartidos co resto do alumnado e coa comunidade educativa.

Nos iconos encontrarás unha mostra de algúns dos traballos realizados polo alumnado

De radio

E video/foto



- **DATAS PREVISTAS:** FEBREIRO
- **Nº ALUMNADO :** GRUPO AULA ( MAX 27)
- **TEMPO:** 100 MIN
- **RESPONSABLES:** OSCAR VÁZQUEZ ( VIDEO) E ROCÍO CADAHÍA ( RADIO) DE AGARESO

### NECESIDADES

A PRESENZA DO  
PROFESOR/A NA AULA  
PARA PRESENTAR AO  
EQUIPO.  
PROXECTOR, ORDENADOR E  
CONEXIÓN A INTERNET

# 4º PARADA

## TEATRO DA OPRIMIDA: NON BULA-LO BULO

NON BULA-LO BULO é unha peza de teatro Xornal que propón desvelar como as estruturas de poder utilizan os diferentes medios de comunicación para controlar e manipular a opinión pública.

Cando esta manipulación se fai sobre colectivos con vulnerabilidades e tradicionalmente oprimidas (como as persoas migrantes e mulleres) xéranse accións de discursos de odio que impactan violentamente na vida das persoas que o viven. Con esta peza, que nace dun proceso de investigación e experimentación, preténdese desvelar como se provocan discursos de odio (sobre todo cara persoas migrantes e por cuestións de xénero) a través de bulos, para provocar un cuestionamento social que revista estas situacións de agresións a través do poder

- **DATAS PREVISTAS:** MARZO
- **Nº ALUMNADO :** DÚAS AULAS XUNTAS
- **TEMPO:** 100 MIN
- **RESPONSABLES:** ÁNGELA FRAGA  
DO GRUPO TEATRAL 100TOLAS

### NECESIDADES

A PRESENZA DO PROFESOR/A NA AULA PARA CONTROL DA PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO. ESPAZO SUFICIENTE PARA QUE AS ACTRICES Poidan interactuar co ALUMNADO. PODE SER UN SALÓN DE ACTOS

# 5º PARADA

## UNHA VISITA MOI ESPECIAL DENDE...

Na quinta parada recibiremos unha visita moi especial. Persoas que traballan activamente na transformación social en países do Sur chegaranse a Galicia para compartir co alumnado a súa experiencia, contarlles as súas dificultades, pero tamén os seus éxitos, e convidalos a ver o mundo desde a súa perspectiva.

Chegarán a Galicia da man da ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz , ONGD referente no traballo no ámbito internacional.

A metodoloxía neste caso será clásica en formato charla - coloquio, pero primarase a participación activa do alumnado facendo preguntas.

Tamén se lles pedirá que leven bolígrafo e caderno para facerlles pequenas entrevistas ás nosas convidadas/os.

Mostra das visitas de anos anteriores:

<http://omundoquequeremos.org/colombia-un-pouco-mais-preto>

- **DATAS PREVISTAS: ABRIL**
- **Nº ALUMNADO : DÚAS AULAS XUNTAS**
- **TEMPO: 100 MIN**
- **RESPONSABLES: ASEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ**
- **INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA: DOSSIER VISITA SUR( ENVIARÁSE AOS CENTROS VARIAS SEMANAS ANTES DA SESIÓN)**

### NECESIDADES

A PRESENZA DO PROFESOR/A NA AULA  
ESPAZO SUFICIENTE PARA A CHARLA,  
SEMPRE MELLOR UN SALÓN DE ACTOS  
OU UN AULA ABERTA.

ALTOFALANTES PARA CONECTAR CO  
ORDENADOR,  
PROXECTOR, E CONEXIÓN A INTERNET



# 6º PARADA

## FIN DE TRAXECTO. QUEREMOS ALZAR A VOZ

Nesta última parada, o tren que nos levou de aventura pola Cooperación e os países do Sur chega ao seu fin, pero queremos rematar espallando as nosas mensaxes o máis alto e lonxe posible.

Cada centro educativo organizará unha presentación, na medida das súas posibilidades, para amosar o traballo realizado durante o curso.

Esta presentación pode ser nalgún outro espazo do municipio, ao aire libre, dentro do propio centro educativo... e os convidados e convidadas tan numerosos e variados como estime o propio centro educativo.

Promoverase que o alumnado idee algún tipo de acción de incidencia política para demandar o cumprimento dos dereitos traballados durante o curso, ademais de poder mostrar os seus traballos de vídeo e radio.

- **DATAS PREVISTAS: ABRIL-MAIO**
- **Nº ALUMNADO : SEN LÍMITE**
- **TEMPO: FLEXIBLE**
- **RESPONSABLES: PROFESORADO, ALUMNADO E EQUIPO DO PROXECTO AO COMPLETO**

### NECESIDADES

A IMPLICACIÓN DIRECTA DO PROFESORADO E DO GRUPO PROMOTOR NA ORGANIZACIÓN ESPAZO ACAÍDO ESCOLLIDO POLO CENTRO EDUCATIVO

FIXAR A DATA O ANTES POSIBLE PARA EVITAR COINCIDENCIAS CON OUTRAS ACTIVIDADES DE FIN DE CURSO, EXCURSIÓN, EXAMES...

# DÚBIDAS FRECUENTES

- > Cada aula terá que escoller un só obradoiro práctico: ou vídeo ou radio, intentando que a escolla sexa equilibrada por número de aulas. As temáticas a abordar poden repetirse.
- > A implicación do profesorado non vén dada tanto polo aporte en “traballo directo” senon na necesidade de darlle seguimento ao proxecto e motivar ao alumnado.
- > Somos cinco organizacións diferentes, podeades abordarnos coas vosas dúbidas a calquera de nós cando vaiamos polo centro, pero o enlace permanente será María Caride de Solidariedade Internacional de Galicia.
- > Precisamos e promovemos os comportamentos respetuosos por parte do alumnado, pero non somos partidarias de botar da aula ao alumnado problemático se o mal comportamento non impide o desenvolvemento do obradoiro. En todo caso preferimos darlles a estes alumnos/as unha maior responsabilidade dentro do proxecto, se fora posible.
- > Tanto en Fabebook como en instagran podédesnos atoparnos en: @omundoquequeremos. Gustaríanos que compartades a información nas páxinas do centro e nas vosas as redes.
- > E sí, tamén queremos que o traballo do alumnado teña difusión e vexan a repercusión fóra do centro, así que se tedes contactos en medios de comunicación convidádelos a asistir aos nosos obradoiros. Nós tamén o faremos.

**E agora sí !!!**

**Comeza a aventura!**

**Benvidos e benvidas a unha nova edición de**

**O mundo que queremos!!!!**

# CONTACTOS

MARÍA CARIDE  
SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA  
MÓBIL: 626913681  
SENSIBILIZACION@SOLIDARIDADGALICIA.ORG

ROCÍO CADAHÍA  
AGARESO/RADIO  
MÓBIL: 605316039  
OMQQ@AGARESO.ORG

ÓSCAR VÁZQUEZ  
AGARESO/VIDEO  
MÓBIL: 635597198  
OSCARDACOSTA82@GMAIL.COM